



Coxeiras despois do verán

Como xa sabemos todas as persoas relacionadas co noso sector, na maioría do territorio español tras o período estival aumenta a porcentaxe de coxeiras con respecto ao resto do ano. Esta é a época en que nós, os podólogos de vacas, temos máis carga de traballo co fin de poder atender todos os nosos gandeiros e os animais coa mesma calidade que o facemos sempre.

Roger Bellet

Socio e vogal da Xunta da Asociación de Profesionais de Podoloxía Bovina (APPB)



O incremento destas coxeiras é consecuencia do estrés por calor que padeceron os nosos animais durante o verán. Este estrés por calor aféctalle á vaca en todos os aspectos: produtivos, reprodutivos e, evidentemente, nun aumento de coxeiras, porque a forma de dissipar a calor das vacas é estando de pé e, cantas máis horas de pé, máis aumenta o risco de coxeira. Ademais deste problema, na zona do mediterráneo existe unha certa estacionalidade nos partos nesta época do ano.

Despois do parto da vaca, tamén nos aumenta o risco. Como consecuencia, estamos nun momento do ano delicado, polo que debemos ter moitas cousas en conta para poder reducir a nosa prevalencia desta doenza na granxa. Un dos factores clave para mellorar na nosa explotación é tentar incrementar o confort dos nosos animais para que incrementen as súas horas de descanso; desa forma veremos como a nosa prevalencia de coxeiras se ve diminuída.

As dúas lesións máis frecuentes que nos podemos atopar os podólogos de vacas nesta época do ano son a úlcera de sola e a enfermidade da liña branca. A abordaxe para ambas viría a ser practicamente a mesma: colocar un taco no pezuño san e eliminar no pezuño enfermo toda a área do tecido necrótico e a área de ao redor da lesión para deixar unha superficie suave.

Debemos ter coidado de non recortar o corion e non crear buracos onde poida entrar material que se poida aloxar e empeorar a lesión.

Hoxe en día o uso do taco é indiscutible para o tratamento e a curación dunha lesión do casco. Os beneficios que nos dá a súa aplicación son enormes:

1. En primeiro lugar, diminúe a tensión da ferida e o dano do tecido, polo que reduciremos o risco de infección e aumentaremos a cicatrización.
2. En segundo lugar, diminúen a dor e a inflamación, polo que imos reducir o tempo de curación, así que teremos unha recuperación máis rápida e menos dolorosa. A vaca volverá recuperar outra vez a produción esperada dentro da curva de lactación, porque non lle doerá a lesión e terá máis apetito para comer e beber, polo que o vai transformar en leite.

Así pois, o taco só dá vantaxes para recuperar os beneficios da vaca e dos nosos gandeiros.

Unha das preguntas que nos adoitan facer os gandeiros aos podólogos é canto tempo vai ir coxa a vaca. A resposta depende de varios factores:

- a gravidade da lesión,
- o tipo de granxa e o manexo, como o número de muxidos, o tipo de cama, a distancia do curral á sala de muxido,

- o momento do tratamento; é moi importante tratar canto antes as lesións do casco para axudar á súa recuperación.

UN EXEMPLO PRÁCTICO

Vaca de segunda lactación cunha enfermidade de liña branca na pata dereita dianteira

A granxa, situada ao noroeste de España, conta con 1.000 vacas en lactación, fai 3 muxidos, ten cama de cubículos con compostaxe; ademais, ten a característica de que lles fai ducha a todas as vacas mentres están na sala de espera.

A lesión produciuse aos 38 DEL, neste momento o animal producía 37,8 l. Quince días antes da lesión estaba a producir 25,2, e quince días despois do tratamento, producía 41,3 l.

Como podemos ver neste caso, ao ser unha lesión moi próxima ao parto, a produción aparentemente non se viu afectada, porque o animal estaba nun momento da curva de lactación crecente. Por tanto, se coidamos destas lesións e as imos revisando, podemos chegar a producir este efecto na súa produción de leite. Nesta ocasión decidín poñerlle un taco de plástico, porque a distancia do curral á sala de muxido é moi grande; desta forma non teremos desgaste e vains durar todo o tempo que sexa necesario ata que estea curada a lesión. ■



O taco só dá vantaxes para recuperar os beneficios da vaca e dos nosos gandeiros